



BOP

XOVES, 23 DE XULLO DE 2020

N.º 168

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

ANUNCIO: EXPOSICIÓN MATRÍCULA IAE-2020

De conformidade co establecido no artigo 3 e 4 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do dito Imposto, ponse a disposición dos interesados a matrícula do ano 2020 correspondente as cotas municipais dos concellos que se relacionan, a fin de que os contribuíntes poidan consultar os seus datos. A matrícula estará a súa disposición nas oficinas dos concellos respectivos e nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo (sitas na Rúa Tui, núm 5-baixo, 27004 Lugo) durante o prazo de **QUINCE DÍAS** contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra os actos de inclusión, exclusión ou alteración dos datos censais poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de reposición ante a Axencia Tributaria ou reclamación económico-administrativo ante o Tribunal Administrativo Rexional, en ambos casos, a contar dende o día seguinte ao término da exposición da matrícula.

Concellos: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castrovirde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Oural, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Lugo, 15 de xullo de 2020.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 1559

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

CONVOCATORIA PARA ELECCIÓN DE Xuíz de Paz TITULAR do Concello de Abadín (Lugo)

EDICTO

DON JOSÉ MARÍA LÓPEZ RANCAÑO, Alcalde-Presidente do Concello de Abadín (Lugo), fai público que por Decreto de alcaldía número 2020-0229 de data 14/07/2020, se resolveu convocar a provisión da vacante do cargo de Xuíz de Paz Titular de Abadín (Lugo); Resolución que se transcribe literalmente:

"Visto o escrito recibido neste Concello remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e en cumprimento do acordado polo Excmo. Sr. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza, conforme ao que se pon en coñecemento deste Concello que deberá proceder á provisión de vacante do cargo de Xuíz de Paz TITULAR de ABADÍN (Lugo), e se insta a iniciar o procedemento para nova designación; esta Alcaldía-Presidencia, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no BOLETÍN OFICIAL da Provincia de Lugo, para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais, soliciten deste Concello, por escrito dirixido á Alcaldía, ser elixidos para ditos cargos polo Pleno do

Concello, por un período de catro anos e cuxo nomeamento se efectuará pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo. Requisitos para tomar parte na convocatoria:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- d) Ser residente nesta localidade (sede do Xulgado de Paz).
- e) Non estar incurso en algunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigo 389)

Por mor das dúbidas que se poidan dar, a Alcaldía poderá requirir a presentación de documento idóneo que acredite os extremos anteriores, sen prexuízo da responsabilidade a que houbera lugar.

Terceiro. Os/as interesados/as presentaran a correspondente solicitude, no Rexistro Xeral deste Concello en horario de atención ao público (de 9:00 horas a 14:30 horas de luns a venres) ou no Rexistro Electrónico deste Concello (Sede Electrónica). Ademais as solicitudes tamén se poderán presentar por calquera dos outros medios que regula o artigo 16.4, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo ao correo electrónico concello.abadin@eidolocal.es, achegando copia da solicitude rexistrada.

O modelo de instancia e declaración responsable encóntrase a disposición dos/as interesados/as nas dependencias municipais da Corporación e na Sede electrónica do Concello.

Á citada solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Xustificación dos méritos que, no seu caso alegue o/a solicitante.

Cuarto. Publicar esta Resolución no BOLETÍN OFICIAL da Provincia, no Taboleiro de Anuncios deste Concello, na Sede electrónica do Concello [dirección <https://www.abadin.es>], no Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Mondoñedo e no propio Xulgado de Paz de Abadín, e todo isto de conformidade co establecido no artigo 5 do Regulamento 3/1995, de 7 de Xuño, dos Xuíces de Paz.”

Abadín, 14 de xullo de 2020.- O alcalde, Joé María López Rancaño.

SOLICITUDE ELECCIÓN XUIZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE ABADÍN

1º Apelido:	2º Apelido:	Nome:
D.N.I.:		Data de nacemento:
Profesión ou Oficio:		
Domicilio (rúa, praza, número, piso):		
Municipio:	Provincia:	C.P.:
Teléfono de contacto:		Correo electrónico:

Que enterado da convocatoria efectuada por este Concello, publicada no BOLETÍN OFICIAL da Provincia de Lugo núm. ____, de data _____, para cubrir o posto de Xuíz de paz titular, de conformidade co sinalado no Capítulo VI do Título IV da lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Título III do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz.

Que reúno todas as condicións establecidas na normativa vixente para poder acceder ao cargo convocado e en particular:

- Posuír a nacionalidade española.
- Ser maior de idade.
- Estar en pleno exercicio dos meus dereitos civís.
- Ser residente nesta localidade, sede do Xulgado de Paz, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza. (Artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz).
- Non estar incurso nalgunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial. (Artigo 389).
- Non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Non estar condenado por delito doloso.
- Non estar procesado ou inculpado por delito doloso.

Que de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comprométome a poñer a disposición da Administración a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos cando por esta me sexa requirida.

Por todo o exposto, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que cumpro todos os requisitos esixibles para acceder ao cargo de Xuíz de paz titular e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o período de tempo necesario.

....., a de de 2020.

SINATURA:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE ABADÍN

*Anuncio***CONVOCATORIA PARA ELECCIÓN DE Xuíz de Paz SUBSTITUTO do Concello de Abadín (Lugo)****EDICTO**

DON JOSÉ MARÍA LÓPEZ RANCAÑO, Alcalde-Presidente do Concello de Abadín (Lugo), fai público que por Decreto de alcaldía número 2020-0230 de data 14/07/2020, se resolveu convocar a provisión da vacante do cargo de Xuíz de Paz SUBSTITUTO de Abadín (Lugo); Resolución que se transcribe literalmente:

"Visto o escrito recibido neste Concello remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e en cumprimento do acordado polo Excmo. Sr. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza, conforme ao que se pon en coñecemento deste Concello que deberá proceder á provisión de vacante do cargo de Xuíz de Paz SUBSTITUTO de ABADÍN (Lugo), e se insta a iniciar o procedemento para nova designación; esta Alcaldía-Presidencia, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no BOLETÍN OFICIAL da Provincia de Lugo, para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais, soliciten deste Concello, por escrito dirixido á Alcaldía, ser elixidos para ditos cargos polo Pleno do Concello, por un período de catro anos e cuxo nomeamento se efectuará pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo. Requisitos para tomar parte na convocatoria:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- d) Ser residente nesta localidade (sede do Xuzgado de Paz).
- e) Non estar incurso en algunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigo 389)

Por mor das dúbidas que se poidan dar, a Alcaldía poderá requirir a presentación de documento idóneo que acredite os extremos anteriores, sen prexuízo da responsabilidade a que houbera lugar.

Terceiro. Os/as interesados/as presentaran a correspondente solicitude, no Rexistro Xeral deste Concello en horario de atención ao público (de 9:00 horas a 14:30 horas de luns a venres) ou no Rexistro Electrónico deste Concello (Sede Electrónica). Ademais as solicitudes tamén se poderán presentar por calquera dos outros medios que regula o artigo 16.4, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo ao correo electrónico concello.abadin@eidolocal.es, achegando copia da solicitude rexistrada.

O modelo de instancia e declaración responsable encóntrase a disposición dos/as interesados/as nas dependencias municipais da Corporación e na Sede electrónica do Concello.

Á citada solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Xustificación dos méritos que , no seu caso alegue o/a solicitante.

Cuarto. Publicar esta Resolución no BOLETÍN OFICIAL da Provincia, no Taboleiro de Anuncios deste Concello, na Sede electrónica do Concello [dirección <https://www.abadin.es>], no Xulgado Decano de Primeira Instancia e Instrución de Mondoñedo e no propio Xulgado de Paz de Abadín, e todo isto de conformidade co establecido no artigo 5 do Regulamento 3/1995, de 7 de Xuño, dos Xuíces de Paz."

Abadín, 14 de xullo de 2020.- O alcalde, Joé María López Rancaño.

SOLICITUDE ELECCIÓN XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE ABADÍN

1º Apelido:	2º Apelido:	Nome:
D.N.I.:		Data de nacemento:
Profesión ou Oficio:		
Domicilio (rúa, praza, número, piso):		
Municipio:	Provincia:	C.P.:
Teléfono de contacto:		Correo electrónico:

Que enterado da convocatoria efectuada por este Concello, publicada no BOLETÍN OFICIAL da Provincia de Lugo núm. ____, de data _____, para cubrir o posto de Xuíz de paz substituto, de conformidade co sinalado no Capítulo VI do Título IV da lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Título III do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz.

Que reúno todas as condicións establecidas na normativa vixente para poder acceder ao cargo convocado e en particular:

- Posuír a nacionalidade española.
- Ser maior de idade.
- Estar en pleno exercicio dos meus dereitos civís.
- Ser residente nesta localidade, sede do Xulgado de Paz, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza. (Artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz).
- Non estar incurso nalgunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial. (Artigo 389).
- Non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Non estar condenado por delito doloso.
- Non estar procesado ou inculcado por delito doloso.

Que de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comprométome a poñer a disposición da Administración a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos cando por esta me sexa requirida.

Por todo o exposto, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** que cumpro todos os requisitos esixibles para acceder ao cargo de Xuíz de paz substituto e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o período de tempo necesario.

....., a de de 2020.

SINATURA:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE ABADÍN

R. 1562

BALEIRA*Anuncio*

Delegación da competencia para celebración de matrimonio civil entre P.S.G e Y.F.F, o día 06 de agosto do 2020, ás 12:00 horas

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira (Lugo) o 12 de xullo do 2020 dictou a Resolución que de seguido se transcribe:
"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

EXPEDIENTE 246/2020

Visto o expediente remitido a este Concello polo Rexistro Civil de Baleira (NRE 777, do 08 de xullo do 2020) correspondiente á celebración do matrimonio civil de D. P.S.G e D^a Y.F.F o día 06 de agosto do 2020 ás 12:00 horas , de conformidade coas facultades que me confiren os artigos 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e 51.2 do Código Civil,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar no concelleiro de obras e servizos deste Concello de Baleira , D. Miguel Ángel Fernández González, a competencia para a celebración do matrimonio civil de D. P.S.G e D^a Y.F.F o día 06 de agosto do 2020 ás 12:00 horas .

Segundo.-Na acta de autorización do matrimonio fágase constar que o Concelleiro actuou por delegación do Alcalde.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao Sr. Concelleiro para o seu coñecemento e demais efectos, debéndose incorporar ó expediente a aceptación da presente delegación.

Cuarto.- Dar conta desta Resolución á Corporación Municipal en Pleno na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Baleira, 13 de xullo do 2020.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López".

R. 1563

A FONSAGRADA*Anuncio*

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTE AO SEGUNDO BIMESTRE DO 2020

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 15/07/2020, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 2º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 16-07-2020 ao 16-09-2020. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 16 de xullo de 2020.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1564

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, con data do 26-02-20, adoptou, entre outros, os acordos que a continuación literalmente se transcriben:

“PRIMEIRO.- Facer unha encomenda de xestión a EVISLUSA consistente na “REDACCIÓN DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DE FINCAS MUNICIPAIS NO NÚCLEO DE RECENTE FORMACIÓN DE “A CROA” (ALBEIROS-LUGO), E ENCARGO DE DOCUMENTOS ASOCIADOS NECESARIOS (LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, VALIDACIÓN CATASTRAL, DOCUMENTO PROFORMA, ETC.); REDACCIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DAS ANTIGAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES E DO ACONDICIONAMENTO DE TERREOS NO ÁMBITO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO NRF DE “A CROA” (ALBEIROS-LUGO), E ENCARGO EXTERNO DAS LABORES DE SUPERVISIÓN ARQUEOLÓXICA E DE DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS CITADAS OBRAS”, pola vía dos artigos 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e do artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación cos artigos 2, 4.4-a) e 12 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigos 2, 4, 6-2 a) e 20 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (RLSG).

SEGUNDO.- Significar que o traballo derivado desta encomenda de xestión levarase a cabo dacordo coas BASES contidas no informe de EVISLUSA obrante no expediente, rexistrado de entrada neste Concello con data do 23-8-19, sendo de destacar as seguintes determinacións:

- Para a realización do traballo polos importes establecidos no presente informe enténdense que a cartografía que serve como base para a realización do mesmo está actualizada cando a súa antigüidade non excede dos dous anos e, en todo caso, non se incluírá nos traballos o levantamento de ningún tipo de cartografía, estudo de pendentes, nin análise de infraestruturas de ningún tipo (saneamento, abastecemento, telecomunicacións, eléctricas, etc...). No seu caso, a devandita información haberá de ser facilitada polo Excmo. Concello ou por quen este, ou os seus servizos técnicos dispoñan.

- CADRO RESUMO DE PREZOS A APLICAR SEGUNDO O TIPO DE TRABALLO

No cadro A se inclúen os traballos que poden ser realizados por completo polo persoal da área técnica de EVISLUSA e por elo estarían incluídos dentro das labores habituais da empresa (Bolsa de encargos).

No cadro B se inclúen aqueles traballos que, por razóns de medios técnicos, competencia profesional ou de carga de traballo, non son posibles asumir pola área técnica de EVISLUSA. Os citados traballos serían susceptibles, de ser o caso, de encargo externo e facturación, polo que o Excmo. Concello de Lugo, habería de proceder á realizar a correspondente consignación.

CADRO A

Tipo de Traballo	Prezo sen IVE	Prezo con IVE
A - PROXECTO DE PARCELACIÓN	9.400,00 €	11.374,00 €
B - PROXECTO DE DEMOLICIÓN E ACONDICIONAMENTO DE TERREOS	5.200,00 €	6.292,00 €
C - REDACCIÓN DE ESTUDO DE SEGURIDADE	1.800,00 €	2.178,00 €
IMPORTE TOTAL DOS TRABALLOS A ASUMIR POLO PERSOAL DA ÁREA TÉCNICA DE EVISLUSA (BOLSA DE ENCARGOS)	16.400,00 € *	19.844,00 € *

*Os importes descritos neste cadro “A” non precisarán de consignación orzamentaria, ao ser labores que se realizarán por completo dentro da “bolsa de encargos” de EVISLUSA

CADRO B

Tipo de Traballo	Prezo BASE da oferta de licitación	
D - LEVANTAMENTO PLANIMÉTRICO EN SOLARES INCLUÍDA VALIDACIÓN CATASTRAL SOBRE O ÁMBITO DO UZPI-5R - A CROA	4.000,00 € + IVE	4.840,00 € C/IVE
E - VALIDACIÓN DE MASA CATASTRAL COMPLEMENTARIA AO ÁMBITO DO UZPI-5R - A CROA	842,72 € + IVE	1.019,69 € + IVE
F - ASISTENCIA DE CARÁCTER XURÍDICO PARA PROFORMA	1.000,00 € + IVE	1.210,00 € C/IVE
G - DIRECCIÓN DE OBRA DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS E ACONDICIONAMENTO DE TERREOS	2.660,33 € + IVE	3.218,99 € C/IVE

H - COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN	1.439,00 € + IVE	1.741,19 € C/IVE
I - PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA	1.500,00 € + IVE	1.815,00 € C/IVE
J - INFORME ARQUEOLÓXICO	1.000,00 € + IVE	1.210,00 € C/IVE
IMPORTE TOTAL A CONSIGNAR POLOS SERVIZOS AFECTADOS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO	12.442,05 € + IVE	15.054,87 € C/IVE

- XESTIÓN DA FACTURACIÓN POR PARTE DE EVISLUSA

En relación á facturación por parte de EVISLUSA dos diferentes tipos de traballos necesarios para levar a cabo por completo o encargo planteado, ao haber dous escenarios de traballo, se especifica que, para os traballos asumibles no especificado no CADRO A, non habería custo ou facturación a realizar, posto que serían realizados como traballos habituais polo cadro de persoal da empresa. No relativo aos traballos necesarios descritos no CADRO B, si serían traballos susceptibles de facturación, polo que sería necesario que nas unidades tramitadoras correspondentes do Concello de Lugo, se procedese a realizar a correspondente consignación orzamentaria, co fin de poder asumir á súa contratación e posterior pagamento dos servizos.

- PRAZO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

Establécese unha estimación de dous meses para o encargo externo e execución dos traballos “D”, “E” e “F”, e dun mes máis para a posterior execución dos traballos “A”, “B” e “C”, o que completa un total de 3 meses como prazo de execución dos traballos. Non se establece prazo para os traballos “G”, “H”, “I” e “J”, xa que serán obxecto de

TERCEIRO.- EVISLUSA, en canto órgano encomendado, terá a condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidera ter acceso en execución desta encomenda de xestión, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal (art. 11.2 da Lei 40/2015).

CUARTO.- Requerir a EVISLUSA para que proceda á adopción do correspondente acordo en orde a levar a cabo esta encomenda de xestión (artigo 11.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)

QUINTO.- Unha vez adoptado o acordo polo órgano competente de EVISLUSA, proceder á publicación no BOP dos acordos de ambos os dous órganos (encomendante e encomendado), en cumprimento do establecido no (artigo 11.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público), aos efectos da eficacia desta encomenda de xestión.

SEXTO.- Notificarlle o presente acordo a EVISLUSA, para o seu coñecemento e oportunos efectos, significándolle que contra el poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo, segundo redacción dada pola Disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa). Non obstante o anterior, e con carácter previo, contra a devandita resolución poderán interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o órgano que o ditou e no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ao da notificación do presente acto. No caso de que se interpuxese o recurso de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición tal e como establece o artigo 123 da Lei 39/2015.”

Así mesmo, o Consello de Administración de Evislusa, na súa sesión celebrada o día 16-06-2020, adoptou o acordo que a continuación literalmente se transcribe:

“Único.- Aceptar, nos mesmos termos da parte expositiva, e ao amparo do acordo 8/80, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada na data vinte e seis de febreiro de dous mil vinte, o **encargo a medio propio personificado** para a ‘REDACCIÓN DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DE FINCAS MUNICIPAIS NO NÚCLEO DE RECENTE FORMACIÓN DE ‘A CROA’ (ALBEIROS-LUGO), E ENCARGO DE DOCUMENTOS ASOCIADOS NECESARIOS (LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, VALIDACIÓN CATASTRAL, DOCUMENTO PROFORMA, ETC.); REDACCIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DAS ANTIGAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES E DO ACONDICIONAMENTO DE TERREOS NO ÁMBITO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO NRF ‘A CROA’ (ALBEIROS-LUGO), E ENCARGO EXTERNO DAS LABORES DE SUPERVISIÓN ARQUEOLÓXICA E DE DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS CITADAS OBRAS’”

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 11.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lugo, 16 de xullo de 2020.- A ALCALDESA, P.D. O Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible,
(Decreto número 19005695) Miguel A. Couto Alonso.

R. 1565

MURAS*Anuncio***DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo/hora, achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Abril 2020.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Abril 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Abril 2020. O padrón correspondente ao mes de Abril consta de 51 contribuíntes (14 de libre concorrencia e 37 de dependencia) e un importe total de 4.576,43 € (988,72 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.587,71 € persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 25 de maio de 2020.- O Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 1566

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos Nº4/2020**, que comprende **suplementos de créditos por importe de 13.000,00 €, e de crédito extraordinario por importe de 8.000,00 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2.019, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o *T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais*, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2020, é o seguinte:

Capítulo 1						694.668,72 €
Capítulo 2						421.300,05 €
Capítulo 4						13.650,00 €
Capítulo 6						425.767,98 €
TOTAL ORZAMENTO						1.555.386,75 €

Navia de Suarna, 16 de xullo de 2020.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1567

PALAS DE REI

Anuncio

BASES GENERALES DE LA CONVOCATORIA DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL

PRIMERO. Normas Generales

Vistas las bases reguladoras del Plan Provincial Único de Cooperación de la Diputación de Lugo a los ayuntamientos 2020.

Visto que en dicho Programa se subvenciona en su apartado punto B.1, con motivo de la situación de alarma decretada por el RD 463/2020 de 14 de marzo, la Diputación destina a programas de inversiones a aquellos ayuntamientos que les sea necesario hacer frente a gastos corrientes derivados de esta situación de emergencia sanitaria por miedo del coronavirus (COVID-19).

El ayuntamiento de Palas de Rei, necesita contratar 2 puestos de peón de limpieza a jornada parcial 501-6h.

Visto el Real Decreto-Ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria y financiera para la corrección del déficit público.

Vista la circular interpretativa del Real Decreto Ley 20/2011, emitida por la Dirección Xeral de Administración Local en fecha 30/01/2012.

Vista la Ley 2/2015 de 29 de abril, del empleo público de Galicia.

Es objeto de la presente convocatoria la selección a través del procedimiento de concurso-oposición, para su contratación como personal laboral, jornada parcial 501-6h:

-2 puestos de peón de limpieza, mediante la modalidad contractual de duración determinada, modelo 501-6h.

SEGUNDO. Modalidad del Contrato

La modalidad del contrato es obra o servicio determinado, a tiempo parcial, código 501, regulada por Artículo 15, del Estatuto de los Trabajadores, según redacción dada por la Ley 63/97, de 26 de diciembre (B.O.E. de 30 de diciembre) ampliado por el apartado diez del artículo primero de la Ley 12/2001, de 9 de julio (B.O.E. de 10 de julio), el R.D. 2720/98, de 18 de diciembre (B.O.E. de 8 de enero de 1999), el Artículo tercero de la Ley 12/2001, de 9 de julio (B.O.E. de 10 de julio) y la Ley 43/2006, de 29 de diciembre (B.O.E. de 30 de diciembre). En la contratación que se realice, se establecerá un periodo de prueba de 15 días hábiles.

TERCERO. Forma y Plazo de Presentación de Instancias

El puesto de trabajo se ofertará mediante la sede electrónica del ayuntamiento de Palas de Rei, y publicación en el BOP de Lugo.

El plazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturales a contar al día siguiente de la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOP de Lugo.

Los candidatos que presenten su solicitud por otros organismos, deberán remitir por FAX: 982374015, a este ayuntamiento, la caratula de la solicitud con el número y fecha del registro.

- Ser español y mayor de edad, sin perjuicio de lo dispuesto en la legalidad vigente para el acceso de nacionales de los Estados miembros, así como los extranjeros residentes en España que reúnan los requisitos exigidos en la Ley Orgánica 4/2000.

- No estar incurso en ninguna causa de inhabilitación o incompatibilidad legal para el desempeño de la función pública, ni haber sido sancionado con Despido Disciplinario.

- No padecer enfermedad o defecto físico o psíquico que impida o dificulte el desempeño de las funciones inherentes al puesto de trabajo.

- Tarjeta de demandante de empleo inscrito en el Servicio Público de Galicia.

- Fotocopia del D.N.I.

- Currículum profesional acreditado con fotocopia de los méritos alegados.

- No haber trabajado en esta administración, 24 meses o más en los últimos 30 meses a contar desde la fecha de estas bases, según lo establecido especialmente en los artículos 27 y 28 de la Ley 2/2015 del empleado público de Galicia.

Tanto los requisitos imprescindibles, como los méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificaciones expedidas por los organismos competentes. La acreditación de la experiencia profesional deberá realizarse mediante certificaciones oficiales descriptivas del tiempo y funciones desarrolladas: vida laboral y certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborales o similares.

CUARTO. Admisión de Aspirantes

Expirado el plazo de presentación de instancias, la Alcaldía dictará resolución, declarando aprobada la lista de admitidos y excluidos, que se publicará en la sede electrónica del Ayuntamiento.

QUINTO. Tribunal Calificador

El Tribunal calificador estará compuesto por dos vocales, un/a presidente/a y un/a secretario/a

